



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CATRO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000040

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e trinta minutos, do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous, reúnen en segunda convocatoria pola ausencia de quórum na primeira convocatoria, os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas: dona Jessica Sabín Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celébrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADO DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.11.22 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes).

2º.- APROBACIÓN DAS BASES DO II CONCURSO DECORACION DE NADAL NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

II CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2022

“OBXECTIVO

É obxecto deste concurso estimular ao tecido empresarial así como á comunidade veciñal a decorar os seus negocios e vivendas con motivos propios das datas do Nadal, e consecuentemente a promoción e o apoio a toda empresa do concello de Valdoviño.

Con tal motivo , convócase:

Un concurso de decoración para o tecido empresarial de Valdoviño así como para particulares interesados con domicilio no CONCELLO DE VALDOVIÑO.

REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar titulares de calquera empresa situada no termo municipal de Valdoviño que desenvolvan a súa actividade no mesmo, e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercela.

Poderán participar persoas de calquera idade residentes no termo municipal de Valdoviño que acepten as bases da convocatoria.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

TECIDO EMPRESARIAL

Modalidade A) DECORACIÓN EXTERIOR DE LOCAIS que NON TEÑEN ESCAPARATE.

Modalidade B) DECORACIÓN EXTERIOR DE LOCAIS que TEÑEN ESCAPARATE.

Modalidade C) DECORACIÓN INTERIOR DE LOCAIS.

VECIÑANZA

Modalidade D) DECORACIÓN DE BALCÓNS, PORTAS E FIESTRAS OU PECHES EXTERIORES.

Modalidade E) DECORACIÓN DE FACHADAS.

Modalidade F) DECORACIÓN XARDÍNS.

PRAZO DE PRESENTACIÓN E SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 1 e rematará o día 15 de decembro.

A solicitude terá que ser presentada por unha persoa maior de 18 anos. Admitirase unha única solicitude por persoa participante.

As solicitudes para participar poderán recollese na Casa da Cultura ou descargarse na web do concello.

Para participar, requirirase cumprimentar unha ficha de solicitude (ANEXO I) que estará a disposición dos interesados na páxina web www.concellodevaldovino.com e tamén será facilitada na Casa de Cultura.

A ficha con todos os datos cumprimentados deberá remitirse ao correo electrónico cultura@concellodevaldovino.com, poderá reenviarse a través da sede electrónica do concello ou entregarse presencialmente na Casa de Cultura nos horarios de apertura da mesma.

Soamente se admitirán solicitudes de composicións decorativas dentro dos límites do concello de Valdoviño.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase na web a lista das empresas participantes no concurso.

As composicións deberán de estar preparadas na data de finalización do prazo de inscrición e non poderán desmontarse até despois do día de Reis . Neste período de tempo o decorado non pode variar.

O Concello de Valdoviño poderá se así o estimase oportuno, entregar a todos os participantes un distintivo que os acredita como tales e que deberán colocar nun lugar visible

até o día 7 de xaneiro e que con posterioridade a esa data o propio Concello se encargará de retirar.

A partir do día 15 de decembro o xurado informará a través das súas redes sociais dos días nos que pasará a visitar ás localizacións con decoracións de Nadal concursantes nas distintas modalidades. Se a decoración non é visible desde o exterior e o xurado non pode acceder á visualización do traballo concursante, este ficará descalificado.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

A valoración das composicións farase sobre unha puntuación total de 25 puntos tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

Orixinalidade da decoración. Puntuación de 1-5

Calidade artística. Puntuación de 1-5

Uso de materiais reutilizábeis ou naturais. Puntuación de 1-5

Iluminación. Puntuación de 1-5

Composición. Puntuación de 1-5

XURADO

O xurado estará formado por :

- Un concelleiro/a do Concello de Valdoviño ou persoa na que delegue.
- Unha persoa relacionada co tecido asociativo do Concello de Valdoviño ou co colectivo da comunidade educativa
- Un profesional ou persoa de recoñecida competencia relacionada co ámbito da decoración e/ou escaparatismo ou no seu defecto relacionada co mundo artístico.

Un empregado público da Área de Cultura do Concello, actuará de secretario/a.

O xurado ten plena liberdade para deixar deserta algunha categoría se así o estimase oportuno así como para acumular o importe destinado a este fin a outra categoría ou á algunha mención especial. Así mesmo poderá dividir o importe total destinado a cada modalidade en dúas fraccións se así o considerase conveniente.

Calquera caso non previsto nas bases será resolto polo xurado cualificador

A decisión do xurado será inapelable.

PREMIOS

Establecense as seguintes axudas:

MODALIDADE A) vale de 100,00 euros para consumir en comercio e/ou empresa local

MODALIDADE B) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

MODALIDADE C) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

MODALIDADE D) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

MODALIDADE E) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

MODALIDADE F) vale de 100,00 euros para consumir en empresa local.

As cantidades estarán suxeitas ás retencións legais que lles foran aplicables.

A listaxe de premiados publicárase na páxina web do Concello e nas súas redes sociais

A entrega dos vales realizarase o día 30 de decembro no auditorio da Casa da Cultura nun acto que comezará ás 20:30 horas e que consistirá en entrega de premios oficial e un espectáculo teatral. É obrigatoria a presenza no acto do interesado/a ou dun representante do mesmo para recibir o premio; de non asistir decaerá o dereito a recibilo.

O vale poderá ser trocado totalmente ou en dúas fraccións no/s establecemento/s elixido/s polo beneficiario PREVIA COMUNICACIÓN do lugar escollido para o gasto nas oficinas da Casa da Cultura. O Concello poñerase en comunicación co establecemento e indicarlles tanto ao beneficiario do vale como ao establecemento como deben proceder. O beneficiario do vale disporá ata o 31 de xaneiro para comunicar onde vai facer o gasto e o establecemento comercial ata o 28 de febreiro para emitir a factura do mesmo ao Concello de Valdoviño.

PUBLICIDADE

Nas comunicacións privadas que realicen os establecementos en relación con esta iniciativa deberán incluír os logotipos oficiais do concello.

ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

Valdoviño, 21 de novembro de 2022.

Alcalde.

Alberto González Fernández.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

NO II CONCURSO DECORACIÓN NADAL CONCELLO DE VALDOVIÑO 2022

SINALE A OPCIÓN NA QUE VAI PARTICIPAR	
A-DECORACIÓN EXTERIOR DE LOCAIS DE EMPRESA SEN ESCAPARATE	
B-DECORACIÓN EXTERIOR DE LOCAIS DE EMPRESA CON ESCAPARATE	
C-DECORACIÓN DE INTERIOR DE LOCAIS DE EMPRESA	
D-DECORACIÓN DA VECIÑANZA DE BALCÓNS, PORTAS E FIESTRAS OU PECHES EXTERIORES	
E-DECORACIÓN DA VECIÑANZA DE FACHADAS	
F-DECORACIÓN DA VECIÑANZA DE XARDÍNS	

CUMPRIMENTE TODOS ESTES DATOS:

DATOS PERSOAIS		
NOME E APELIDOS		DNI
DOMICILIO		PARROQUIA
TELÉFONO-S		
CORREO ELECTRÓNICO		
DATOS ESTABLECEMENTO COMERCIAL		
NOME COMERCIAL	CIF	ACTIVIDADE
ENDEREZO-LOCALIZACIÓN		PARROQUIA
TELÉFONO-S		
CORREO ELECTRÓNICO		

DECLARO :

- Non está incurso/a en causa que impida ser beneficiario do vale de compra en comercio local se resultase gañador do concurso.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social .
- Que todos os datos anteriores son certos

EXPOÑO:

-Que coñezo as bases do concurso de Decoración de Nadal 2022 convocado polo Concello de Valdoviño e cumpro os requisitos establecidos para a participación no mesmo.

SOLICITO

A inclusión como participante no concurso de Decoración de Nadal 2022 convocado polo Concello de Valdoviño, e para que conste ante órgano competente, asino a declaración no lugar e data abaixo indicados

En Valdoviño a ____ de decembro de 2022.

Sinatura:

Os participantes ao asinar a solicitude de participación autorizan ao Concello de Valdoviño a realizar as comprobacións que estime oportunas en canto a obrigacións de carácter institucional.

Os datos de carácter persoal aquí recollidos son tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Valdoviño con enderezo en Porta do Sol, número 25 15552 Valdoviño (A Coruña)

Finalidade do tratamento: os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a solicitude, así como para cumprimento legal das xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

Destinatarios de cesións: os datos que faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Non serán comunicados a terceiros.

Dereitos : O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, e supresión de datos erróneos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos .

En Valdoviño a 22/11/2022

Alberto González Fernández

Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, aprobou as bases do II Concurso de decoración de Nadal no Concello de Valdoviño que antecede.

FORA DA ORDE DO DIA

O sr. Alcalde explica que se incorpora fora da orde do día pola necesidade de axilizar a tramitación do expediente.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA DA PRAIA DA FROUXEIRA.

Expediente: 2022/C006/000004

Procedemento: Aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación

Tramitación: Ordinaria

Tipo de contrato : concesión demanial

Vocabulario común contratos Públicos CPV .- 55410000-7. Servicio de xestión de bares.

Canon base licitación e valor.- Prezo mínimo sen IVE: 3.070,49 €. IVE .- Non suxeito .

Valor estimado: 9.211,47 €

Duración da concesión.- Inicial: 3 anos. Máximo: 5 anos

Tramitado o expediente antedito, con publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado, onde se aloxa o perfil do contratante, aperturados e cualificados os sobres A.- Documentación, axustada ao formulario DEUC; en sesión de Mesa de Contratación, resultan admitida a única oferta concurrente.

Aperturados en Mesa de Contratación os sobres “B”.- Oferta económica, axustada ao modelo recollido nos pregos.

Vistas as ofertas económicas, as puntuacións e a proposta motivada da Mesa de Contratación, recollidas na acta da sesión do seguinte contido:

“.....

1.- Dar a conocer los resultados de la evaluación de la documentación aportada por los licitadores en el sobre B: 2022/C006/000004 - Concesión da explotación da cafetería da Praia da Frouxeira (concesión demanial)

Conforme la cláusula décimo séptima del pliego de cláusulas administrativas particulares, la Mesa de Contratación da a conocer los resultados de la evaluación de la documentación contenida en el sobre B que se transcribe literalmente en la presente Acta.

1. ANTECEDENTES

Se redacta el presente informe a petición del Concello de Valdoviño, para la evaluación de las ofertas presentadas a la licitación del contrato de concesión: “EXPLOTACIÓN DE LA CAFETERÍA DE LA PLAYA DE A FROUXEIRA”.

Documentación de referencia:

- *PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA PRAIA DA FROUXEIRA MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON PLURALIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.*

- *PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA A CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA PRAIA DA FROUXEIRA.*

Ofertas analizadas:

Se recibe una oferta:

- *OCEAN JOBS CORPORACIÓN, S.L.*

2. OBJETO DEL DOCUMENTO

El objeto del presente informe es la evaluación de las ofertas según los criterios establecidos en el Pliego de Prescripciones Administrativos del Contrato.

3. TRABAJOS OBJETO DEL CONTRATO, SEGÚN PPTP

La concesión objeto de contratación implica:

- Realización de obras de acondicionamiento del edificio:

o Reparación del pavimento exterior de la terraza, con reposición del 25% do material.

o Reparación del revestimiento de la estructura y carpintería de madera, mediante la retirada del acabado de pintura actual, lijado de superficie y posterior limpieza, preparación y formación de capa de lasur al agua para exteriores.

o Reposición de elementos deteriorados de revestimiento de fachadas.

o Reposición de celosía de madera en ventanas de fachadas.

o Reposición de elementos deteriorados de revestimiento interior de tablero de contrachapado.

o Reposición de tabique interior en separación de cocina con tablero contrachapado y puerta de acceso.

o Reposición de mobiliario de cocina y fregadero.

o Limpieza final de obra.

- La apertura y atención al público con servicio de Bar-Cafetería que comprende la expedición de café, bebidas, bocadillos, tapas, helados, etc.

- Limpieza y mantenimiento integral del edificio y espacios anexos puestos a disposición del concesionario por el Concello.

- Limpieza y mantenimiento integral del edificio destinado a aseos públicos de 52 m2 construidos, situado en la misma parcela

4. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR LOS LICITADORES (cláusula decimocuarta del PCAP)

La documentación a presentar es la siguiente:

- Sobre A: Documentación administrativa.

o Declaración responsable del licitador conforme al modelo del Anexo I.

o En caso de unión temporal de empresas, declaración responsable suscrita por las empresas participantes

- Sobre B: Características técnicas

o Proyecto básico de las instalaciones.

o Proyecto de gestión e instalación del local.

- Sobre C: Oferta económica

o Modelo anexo 2 del PCAP

Para la redacción del presente informe, el Concello pone a disposición los sobres A y B.

5. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN (cláusula decimoquinta DEL PCAP)

Criterios dependientes de un juicio de valor (hasta 40 puntos):

1.- Proyecto básico de las instalaciones (hasta 25 puntos)

“a. Valoraranse con ata 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto básico de actuación nas instalacións cuxa decoración interior e exterior vaia en consonancia coa contorna.

b. Valoraranse con ata 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto básico de actuación nas instalacións que realicen melloras estéticas utilizando materiais reciclados.

c. Valoraranse con ata 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto básico de actuación nas instalacións que inclúan a utilización de dispositivos de aforro de electricidade, dispositivos de aforro de auga e instalación de enerxía alternativa.

d. Valorarase con ata 10 puntos a aportación sen custes para o Concello, de equipamento para área recreativa anexa ao local. (a modo de exemplo: soporte aparcabicis, papeleiras, duchas, lava pés etc.)”

2.- Proyecto de gestión y explotación del local (hasta 15 puntos)

“a. Valoraranse con 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto de xestión do local no que incorporen nas súas cartas produtos locais.

b. Valoraranse con 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto de xestión do local no que incorporen nas súas cartas produtos destinados a persoas con intolerancias alimentarias, veganas, vexetarianas, etc.

c. Valoraranse con 5 puntos aquelas ofertas que presenten un proxecto de xestión do local no que incorporen melloras que aporten un plus de calidade ao servizo (a modo de exemplo: organización de actividades lúdicas que promociones a cultura local, organización de actividades infantís, organización de talleres orientados a respectar o medio ambiente e a contorna, establecer prezos reducidos para as persoas máis vulnerables, xestión de pedidos e reservas, web informativa, zona wifi, etc.)”

Criterios de apreciación automática (hasta un máximo de 60 puntos). No son objeto del presente informe.

6. ANÁLISIS DE LA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR LOS LICITADORES

A continuación, se resume la oferta presentada por los licitadores:

Licitador: Ocean Jobs Corporación SL

- Sobre A:

Adjunta declaración responsable según modelo del Anexo I. La declaración se encuentra sin firmar, por lo que, de acuerdo a la cláusula decimocuarta del PCAP, procedería la enmienda de la documentación, mediante su firma.

- Sobre B:

o Proyecto básico de las instalaciones.

Se adjunta descripción de las actuaciones a realizar y propuestas de mejoras técnicas de las instalaciones, con el siguiente contenido:

Situación y emplazamiento: referido a la parcela catastral y localización del inmueble.

Estado actual: se adjunta una fotografía de la terraza exterior.

Actuaciones de acondicionamiento del edificio: Se enumeran las obras de acondicionamiento del edificio, las cuales se corresponden con las descritas en el Pliego de Prescripciones Técnicas, con el objeto de “conservar el estado inicial de la construcción, manteniendo la estructura de madera natural”.

Propuestas de mejora

- Decoración interior y exterior. Se describe propuesta de decoración interior, en tonalidad blanca, con barrotos de madera natural y elementos decorativos con ambientes en vegetación verde. Describe mobiliario y adjunta imagen de ejemplo de decoración genérico. Para el exterior, adjunta imágenes de ejemplo, en tonalidades blancas y barandillas de madera con ataduras en cuerdas. No concuerda con la restitución de la estética original con acabado de madera natural.*
- Mejoras estéticas con materiales reciclados: propone el uso de redes de pesca para dar sombra en la terraza, tabla de surf como cartel informativo, y el uso de vasos y envases reciclables.*
- Instalaciones de ahorro energético: propone instalación de válvula reductora de presión regulable para reducción de consumo de agua, instalación de panel solar fotovoltaico, y dispositivo de atenuación de energía reactiva para reducir consumo de electricidad, así como medidor de consumos de energía para su monitorización. Propone el uso de estufa de pellets con chimenea de evacuación de humos, como utilización de energías renovables.*
- Equipamiento para área recreativa anexa: oferta la instalación de un aparcabicicletas, una papelera, bebedero para perros, monoposte indicativo y escenario para eventos con pallets reciclados.*

o Proyecto de gestión y explotación del local, con el siguiente contenido:

Plan organizativo

- Directrices de funcionamiento y horarios: servicios y horarios según PPTP.*
- Puestos de trabajo y funciones: se describen los siguientes puestos: gerente-encargado general, chef-encargado de cocina, 4 camareros según necesidades. Para cada puesto se establecen funciones.*
- Plan de operaciones: se describe la dinámica de trabajo en un día tipo.*
- Plan de limpieza y mantenimiento: personal de limpieza dedicado diariamente, antes o después del horario de atención al público a la limpieza de las instalaciones, incluidos los aseos públicos.*

Propuestas de mejora:

- Carta de productos locales: identifica bebidas de origen local (cerveza) y quesos gallegos (no locales), agua de km0 en envase reciclado y reciclable. No especifica ningún menú, tapas o bocadillos.*

- Carta especial con productos destinados a personas con intolerancias alimentarias: identifica bebidas sin gluten, sin lactosa, refrescos sin azúcar y carta de helados sin gluten. No especifica ningún menú, tapas o bocadillos.
- Mejoras de calidad del servicio: oferta la realización de eventos relacionados con actividades típicas de la cultura local, pero no especifica cuáles son. Oferta organización de talleres de sensibilización del reciclaje y respeto al medio ambiente, pero no describe su alcance ni contenido. No incluye actividades infantiles. Propone la promoción del local mediante página web, inclusión en directorios y anuncios en redes sociales. No establece precios reducidos para personas vulnerables, no describe la gestión de pedidos y reservas. Oferta servicio de zona wifi para clientes.

7. VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

En la tabla siguiente se incluye la valoración de las ofertas estudiadas, de acuerdo a los criterios establecidos en el PCAP.”

Licitador	Proyecto básico Decoración interior y exterior en consonancia con el contorno	Proyecto Básico Mejoras estéticas con materiales reciclados	Proyecto Básico Dispositivos de ahorro de electricidad, agua y energías alternativas	Proyecto Básico Equipamiento o área recreativa anexa	Puntuación Proyecto Básico (1)	Proyecto de gestión Carta con productos locales	Proyecto de gestión Carta con productos para personas con intolerancias alimentarias, veganas, vegetarianas	Proyecto de gestión Mejoras plus de calidad al servicio	Puntuación Proyecto de gestión (2)	Puntuación total (1) + (2)
Ocean Jobs Corporación S.L	2	5	5	5	17	2	2	2	6	23

8. CONCLUSIÓN

Se considera que el presente documento da cumplimiento a los requerimientos del mismo, por lo que se eleva a la mesa de contratación para los efectos oportunos.

En Ferrol (A Coruña), noviembre de 2022

El Autor del documento Fdo. Miguel Nieto Matamoros PROMETEO ENGINEERING SL”

2.- Apertura criterios evaluables automáticamente: 2022/C006/000004 - Concesión da explotación da cafetería da Praia da Frouxeira (concesión demanial) Se procede a la apertura de los sobres de aquellas empresas que hayan sido admitidas:

NIF: B70609086 OCEAN JOBS CORPORACIÓN S.L.

La documentación aportada por los licitadores es revisada por la Mesa de Contratación para su correspondiente evaluación.

3.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C006/000004 - Concesión da explotación da cafetería da Praia da Frouxeira (concesión demanial) Una vez revisada la información por la Mesa de Contratación, ésta ha valorado las proposiciones técnicas de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera: NIF: B70609086 OCEAN JOBS CORPORACIÓN S.L.: Precio

Valor introducido por el licitador: 6.070,49 €

Valor aportado por la mesa: 6.070,49 €

Puntuación: 60

La Mesa de Contratación, en votación ordinaria y por unanimidad de los asistentes, ACUERDA:

1.- Elevar las actuaciones así como las puntuaciones obtenidas por los licitadores al órgano de contratación para su aprobación.

Licitador	Puntuación Sobre B.- Características técnicas	Sobre C.- Oferta económica	Puntuación	Total Puntuación
OCEAN JOBS CORPORACIÓN S.L.	23	6.070,49 €	60	83

De conformidad con la cláusula décimo séptima del pliego de cláusulas administrativas particulares para la concesión de la explotación de la cafetería de la playa de A Frouxeira mediante procedimiento abierto con pluralidad de criterios de adjudicación, PROPONER como adjudicatario del servicio de concesión demanial a OCEAN JOBS CORPORACION S.L con NIF B70609086, motivado en que obtuvo la mayor puntuación de conformidad con los criterios de pluralidad de criterios de adjudicación de los pliegos de cláusulas administrativas particulares.”

Visto tamén os pregos de cláusulas administrativas que rexen a contratación;

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por maioría dos asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Tomar coñecemento e validar o actuado pola Mesa de Contratación; elevando a definitivo a valoración e puntuación obtida pola empresa licitadora.

Segundo.- Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación e Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares de esta contratación, **REQUERIR** á empresa proposta para a adxudicación: **OCEAN JOBS CORPORACION S.L. NIF B70609086** para que dentro do prazo de **DEZ DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que recibirá o requirimento presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica a documentación especificada no punto 18 do citado prego de cláusulas administrativas particulares.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta.

Terceiro.- Notificar dito acordo á empresas licitadora para o seu coñecemento e efectos.

PARTE DE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/